

Luns 24, xoves 27, venres 28 e luns 31, terán lugar no IES As Mariñas unhas **Xornadas de linguaxe administrativa galega** para o Ciclo Medio de Xestión Administrativa, organizadas polo Concello de Betanzos.

Martes 25, ás 20:00 h na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo, terá lugar a **representación da obra «Os vellos non deben de namorarse»**, adaptación da obra do mesmo título, polo grupo de teatro do Centro de maiores de Betanzos de Caixa Galicia.


Mércores 26, ás 20:00 h na Sala Azul do edificio Liceo **presentación da páxina web da hemeroteca** da Biblioteca Municipal Castelao, organizada polo Concello de Betanzos.

Xoves 27, ás 10:00 h no IES Francisco Aguiar terá lugar un **concerto didáctico de jazz** dentro da III Mostra de jazz galego na comarca «Jazz Mariñas» organizado polo Consorcio das Mariñas e patrocinado pola Deputación da Coruña.

Venres 28, ás 10:00 h no IES As Mariñas terá lugar un **concerto didáctico de jazz** dentro da III Mostra de jazz galego na comarca «Jazz Mariñas» organizado polo Consorcio das Mariñas e patrocinado pola Deputación da Coruña.

Venres 28, ás 20:30 h na Igrexa de San Francisco terá lugar un **concerto** do Cuarteto de Corda da Orquestra Sinfónica de Galicia, Cuarteto Scherzo, titulado «**Mozart e Schubert en do maior**», dentro dos actos do Festival Mozart 2010, organizado polo Consorcio para la promoción de la música.

Domingo 30, ás 19:00 h na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo, terá lugar o **Concerto das Letras Galegas** por conta da **Camerata Brigantina** que interpretará música de compositores contemporáneos galegos.



Uxío Novoneyra

Parada de Moreda (Courel) 1930
Santiago de Compostela 1999

Uxío Novoneyra naceu en Parada de Moreda, Courel, en 1930, fillo dunha familia de labregos. Esta terra será o principal referente físico para os seus versos, ofrecendo unha anovadora visión da paisaxe dentro da literatura galega. No ano 1955 deu ao prelo *Os eidos*, poemario con que comeza un ciclo poético que retomará con *Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas* (1974). Nos comezos da década de 80, o poeta principia a recompilar e depurar o seu ciclo courelán, dando a lume *Os eidos. Libro do Courel* (1981), que terá diversas reedicións. No ano 1983 afínase definitivamente en Santiago, cidade desde a cal exerceu como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, até a súa morte no ano 1999.

Publica *Poemas caligráficos* en 1979 con textos vinculados a unha vangarda pictórica organizada arredor do grupo Brais Pinto. Xa na segunda metade desa década comeza cunha recompilación temática da súa produción poética completa. Así, en *Muller pra lonxe* (1987), reuniu os poemas apaixonais e amorosos, e dous anos máis tarde, en *Do Courel a Compostela 1956-1986*, os de temática política, que irán acompañados dunha antoloxía crítica. En 1994, logo de varios anos de silencio editorial, editou *Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*. En 1998 publicou *Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas*.

Nos seus textos, Novoneyra explicita o seu compromiso nacionalista e marxista, sen deixar de preocuparse en ningún momento pola forma poética e mais pola linguaxe, pesquisando na materia lírica ata conseguir o mellor resultado visual e sonoro para os textos.

Organiza



Concello de
Betanzos

Patrocinan



AGADIC
Agencia Galega dos
Industrias Culturais



FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

Colaboran

CENTRO DE MAIORES
DE BETANZOS DE CAIXA GALICIA




Asociación
de Amas de Casa

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística



CPR Nosa Señora
do Carme - Atocha



PROGRAMA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2010



Concello de
Betanzos

Actividades permanentes

Dentro do PROGRAMA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS haberá unha serie de actividades que se desenvolverán dun xeito continuado no tempo e que son as seguintes:

Do 1 ao 31, exposición dos debuxos participantes no **1ª Concurso de carteis do Día das Letras Galegas** no edificio Liceo en horario de 19:00 h a 21:00 h os días laborables, e de 12:00 h a 14:00 h os sábados, domingos e festivos.

Do 1 ao 31, exposición dos debuxos participantes no **Concurso-exposición Letras Galegas 2010** da Secretaría Xeral de Política Lingüística do CEIP Francisco Vales Villamarín no edificio Liceo en horario de 19:00 h a 21:00 h os días laborables, e de 12:00 h a 14:00 h os sábados, domingos e festivos.

Do 1 ao 31, desenvolveranse as **Xornadas de portas abertas no Museo das Mariñas** en horario de 10:00 h a 13:00 h e de

16:00 h a 20:00 h de luns a venres, e os sábados de 10:30 h a 13:00 h.

Do 10 ao 31, exposición no edificio Liceo sobre a **«Vida e obra de Uxío Novoneyra»**, en horario de 19:00 h a 21:00 h os días laborables, e de 12:00 h a 14:00 h os sábados, domingos e festivos.

Do 10 ao 31, exposición no Centro Cultural San Francisco (edificio Conservatorio) sobre **«Vida e obra de Uxío Novoneyra»**, en horario de 17:00 h a 21:00 h os días laborables, e de 10:00 h a 14:00 h os sábados.

2º Concurso de redacción Letras Galegas dirixido ao alumnado de primaria. O prazo de entrega de traballos remata o 10 de maio.

2º Concurso Contos de Betanzos de recollida de tradición oral dirixido a alumnado de secundaria. O prazo de entrega de traballos remata o 10 de maio.

Reparto de publicacións divulgativas sobre Uxío Novoneyra nos centros educativos e asociacións do Concello.

| ***Uxío Novoneyra. Antoloxía poética***, de Arturo Casas.

| ***A distancia do lobo. Biografía de Uxío Novoneyra***, de Antón Lopo.

Outras actividades

Sábado 1, ás 12:30 h no Cantón Claudino Pita e na Praza dos Irmáns García Naveira, terá lugar o **«Canto dos maíos»** pola Escola Municipal de Folclore.

Sábado 8, ás 20:00 h na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo terá lugar a **representación teatral** da obra **«Colgados»** interpretada pola compañía Teatro Áncora Produccións, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Domingo 9, ás 12:00 h no adro da igrexa de Santo Domingo dentro dos actos da Festa de primavera **actuación da Tuna de veteranos da Coruña**, organizado pola Coral Polifónica de Betanzos. En caso de choiva a actuación trasladarase á Aula Municipal de Cultura.

Xoves 13, ás 20:30 h na Sala Azul do edificio Liceo, terá lugar unha **conferencia-obradoiro** que baixo o título de «A afinación natural: a gaita e o seu contexto» que desenvolverá o músico Pedro Lamas, contando ao final cun pequeno **concerto** da Agrupación Instrumental da Escola Municipal de Folclore do Concello de Betanzos, organizadora do acto.

Venres 14, ás 20:00 h, na Sala Azul do edificio Liceo terá lugar una **conferencia sobre a figura de Uxío Novoneyra** por conta de Anxo Tarrío, catedrático de filoloxía galega e portuguesa na USC, organizada pola Asociación Cultural Eira Vella.

Sábado 15, ás 12:30 h na Librería Donín terá lugar un **espectáculo de máxia** a cargo de Chrystyan Magic baseado no libro *Atrapado na torre* de Xoan Babarro e Ana María Fernández ilustrado por Marta Rivera Ferrer.

Luns 17, ás 12:00 h na Aula de Cultura do edificio Liceo, terá lugar a **entrega de premios do 1º Concurso de carteis do Día das Letras Galegas, o 2º Concurso de redacción Letras Galegas e mais do 2º Concurso Contos de Betanzos** de recollida da tradición oral. Ao finalizar a entrega de premios haberá un **concerto da Coral Polifónica de Betanzos**, organizado polo Concello de Betanzos.

Xoves 20, no CEIP Francico Vales Villamarín terán lugar actividades de **contacontos** desenvolvidos pola compañía **Duende Sico** coa organización do Concello de Betanzos coa colaboración da Deputación da Coruña.

Venres 21, ás 11:00 h no CPR Nosa Señora do Carme-Atocha terá lugar a actividade **«Uxío Novoneyra na voz da xente»** desenvolta polo grupo Xandobela coa organización do Concello de Betanzos coa colaboración coa Deputación da Coruña.

Venres 21, ás 20:00 h na Sala Azul do edificio Liceo, terá lugar un **recital de poemas de Uxío Novoneyra** organizado pola Asociación Cultural Eira Vella.

Venres 21, ás 20:30 h na Librería Donín, terá lugar a **presentación do libro** titulado *Mantís* da escritora Mercedes Castro.

Domingo 23, ás 20:00 h na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo terá lugar a **representación teatral** da obra **«Atra Bile»** interpretada pola compañía Teatro de Ningures, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Luns 24, terá lugar no IES Francisco Aguiar unha **charla lúdico-pedagóxica** sobre Ramón Piñeiro impartida por Brais Fernández ás 12:30 h, para o alumnado de secundaria, organizada polo Concello de Betanzos.